

04/03/2019

DÍA INTERNACIONAL DO LIBRO INFANTIL E XUVENIL

O vindeiro día 2 de abril celébrase en todo o mundo o [Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil](#), unha data na que se conmemora o nacemento do escritor Hans Christian Andersen, creador de contos para nenos tan destacados como "O parrulo feo", "A sereíña" ou "O soldadiño de chumbo", e que promove a [IBBY \(International board on books for young people\)](#).

Este ano a redacción da mensaxe e a confección do cartel correu a cargo da sección de Lituania da IBBY que difunde o cartel e a mensaxe de Kestutis Kasparavicius.

Coincidindo con esta data sinalada a [OEPLI Organización Española para el Libro Infantil y Juvenil](#), e as súas diferentes seccións, entres as que se atopa [GALIX Asociación Galega do Libro infantil e Xuvenil](#), co patrocinio do Ministerio de Cultura e Deporte, convocan o concurso "*Selfie LIX*". Este concurso vai dirixido a nenas e nenos de primaria e primeiro ciclo de secundaria, que deberán escoller unha ilustración dun personaxe ou unha escena da literatura infantil e xuvenil, facer unha foto recreando o personaxe ou a escena escollida e presentar a fotografía xunto co fragmento ou a ilustración que a inspira, indicando o título do libro ao que pertence.

A participación no concurso organizarase a través dos centros docentes e bibliotecas que deberán facer unha selección previa de tres traballos por categoría e entregalos antes do día 10 de abril (ampliouse o prazo, o inicial remataba o día 2 de abril).

Por outra banda, as bibliotecas e librarías que o desexen poderán adherirse á conmemoración desta data a través da páxina da OEPLI.

Deixámosvos a ligazón a toda a documentación e ao cartel conmemorativo no apartado documentos e ligazóns, ao pe desta nova.



DOCUMENTOS E LIGAZÓNS

Díptico coa mensaxe e o cartel do Día internacional do libro infantil e xuvenil 2019

Bases do concurso "Seflie LIX"

Carta informativa para librarías e bibliotecas

Cartel do Día Internacional do Libro infantil e xuvenil 2019

<https://rbgalicia.xunta.gal/gl/actualidade/avisos/dia-internacional-do-libro-infantil-e-xuvenil-1>